



Esta VII edición do programa ofrecerá de novo 30 concertos en dez xornadas nas que participarán 1.100 alumnos de colexios, institutos e conservatorios de distintos lugares de Galicia

Convoca:

- Concello de Celanova

Lugar

- Coro Alto da Igrexa do Mosteiro de San Rosendo de Celanova

Data:

- Mércores, 5 de abril

Hora:

- 11,00 – 12,00 e 13,00 horas

Tema:

- Comezo do programa de Concertos Didácticos de Órgano que un ano máis impartirá a profesora de órgano do Conservatorio de Música de Ourense, Marisol Mendive, no órgano da igrexa de San Rosendo de Celanova e que está destinado o alumnado dos colexios, institutos e conservatorios de música de toda Galicia.
- Nesta séptima edición, ata o próximo día 8 de xuño participarán un total de 27 centros escolares de toda Galicia, coa asistencia de arredor de 1.100 alumnos e alumnas deses centros.
- O calendario de concertos será o de tres sesións de concertos en horario de mañá (11,00 – 12,00 e 13,00) tódolos mércores, dende mañá ata o próximo día 8 de xuño.

Centros participantes:

Os participantes no programa poderán interpretar cos seus instrumentos (fautas e outros) de forma conxunta 3 pezas musicais na compañía do órgano. Estas pezas teñen sido preparadas previamente nos seus centros escolares cos profesores de música.

Ademais, terán a oportunidade de coñecer os principais referentes históricos e monumentais de Celanova participando na visita guiada “Celanova, un paseo pola historia de Galicia”.

O mércores participarán os seguintes centros:

- 11,00, IES Cidade de Antioquía 36 Xinzo de Limia
- 12,00, CPR Pablo VI Fátima, 40, A Rúa de Petín
- 13,00, IES Moncho Valcarce 50 As Pontes de García Rodríguez